



As mulleres no sector TIC

Edición 2023



XUNTA
DE GALICIA




Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2024

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos



- | | |
|--|---------|
| 1. Introducción | Páx. 4 |
| 2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia | Páx. 6 |
| 2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC | Páx. 7 |
| 2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero | Páx. 11 |
| 2.3 O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero | Páx. 21 |
| 2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia | Páx. 28 |
| 3. Conclusións | Páx. 33 |



I. Introducción




I. Introducción

Obxectivos

- Presentación de datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.
- Identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

Fontes de Información

- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas.
- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.





2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia

2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



No 2023, o número de mulleres no Hipersector TIC aumentou nun 6,1% respecto ao ano anterior, acadando un total de 9.529 traballadoras.

O 33,4% do persoal do Hipersector TIC é muller, o que sitúa a fenda de xénero nos 33,2 puntos porcentuais.

No marco do Hipersector TIC, o Sector Contidos é o que aglutina a maior presenza de mulleres co 43,2%, que sitúa a fenda de xénero deste grupo de actividades en 13,6 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo


Ano 2023

Os datos relativos ao emprego no Hipersector TIC no ano 2023 amosan que a fenda de xénero queda en 33,2 puntos, sendo o 66,6% dos traballadores homes e o 33,4% mulleres.

A análise por subsectores indica que:

- No Sector TIC, as mulleres contan cunha menor representatividade (31%). Neste sector a fenda de xénero é de 38 puntos porcentuais.
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha representación do 43,2%, polo que se reduce a fenda de xénero a 13,6 puntos porcentuais.

	% Mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	31,0%	38 puntos
Sector Contidos	43,2%	13,6 puntos
Hipersector TIC	33,4%	33,2 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo

Evolución 2021-2023

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,6%	69,4%
Sector Contidos	41,5%	58,5%
Hipersector TIC	32,8%	67,2%

Ano 2022		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,6%	69,4%
Sector Contidos	42,4%	57,6%
Hipersector TIC	32,9%	67,1%

Ano 2023		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	31,0%	69,0%
Sector Contidos	43,2%	56,8%
Hipersector TIC	33,4%	66,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Do ano 2022 ao ano 2023, as afiliacións á Seguridade Social de traballadores/as do Hipersector TIC incrementáronse lixeiramente, nun 4,7% (1.285 persoas).

O emprego feminino no Hipersector TIC experimentou un crecemento do 6,1% respecto ao ano 2022. Este crecemento prodúcese sobre todo no sector TIC, que tivo un incremento dun 6,5% con respecto ao ano anterior.

Novamente, é o sector de Contidos o que ten unha maior contratación de mulleres, que supoñen o 43,2% do total do seu persoal.




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime

Evolución 2021-2023

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,4%	65,6%
Autónomas	24,1%	75,9%

Ano 2022		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,4%	65,6%
Autónomas	24,5%	75,5%

Ano 2023		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,8%	65,2%
Autónomas	25,1%	74,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2023, o incremento xeral no emprego do Hipersector TIC procede do aumento no volume de traballadores/as do Réxime Xeral, onde o crecemento relativo do emprego foi do 5,2% respecto ao anterior. O volume de traballadores/as do Réxime especial de autónomos tamén medrou neste último ano un 1,7%.

Crecen as mulleres traballadoras no sector. No réxime xeral crecen o 6,3% e no réxime especial o 4,2% respecto a 2022.

2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero



As empresas dedicadas ás Actividades Informáticas, son as que empregaban o maior número de traballadoras no Sector TIC no ano 2023. Dentro das empresas desta área económica empregáronse no ano 2023 4.742 traballadoras.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC

Evolución 2015-2023

No 2023, as traballadoras do Sector TIC afiliadas á Seguridade Social eran 7.098, o que supón un crecemento do 6,5% respecto ao ano 2022.

No período 2015-2023, o emprego feminino no sector TIC aumentou en 1.913 (+36,9%). Non obstante, o peso da muller no sector TIC descendeu en 2,1 puntos porcentuais neste período porque o ritmo de crecemento do emprego masculino é superior (+50,8%). Aínda así, no último ano recuperouse en 0,4 puntos.

	Mulleres	Homes
Ano 2015	33,1%	66,9%
Ano 2016	32,9%	67,1%
Ano 2017	32,1%	67,9%
Ano 2018	31,6%	68,4%
Ano 2019	31,1%	68,9%
Ano 2020	30,4%	69,6%
Ano 2021	30,6%	69,4%
Ano 2022	30,6%	69,4%
Ano 2023	31,0%	69,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por réxime

Evolución 2021-2023

	2021	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,2%	67,8%
Autónomas	21,6%	78,4%

	2022	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,0%	68,0%
Autónomas	21,5%	78,5%

	2023	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,3%	67,7%
Autónomas	21,6%	78,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A fenda de xénero no Réxime Xeral no sector TIC diminúe respecto ao ano 2022 en 0,6 puntos porcentuais. No caso do Réxime Especial Autónomos, as mulleres só representan o 21,6%, o que supón unha diminución da fenda de xénero respecto ao ano anterior en 0,2 puntos porcentuais.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por subsectores económicos. Ano 2023

En termos absolutos, o maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.742 traballadoras no ano 2023 (+8,1% respecto ao 2022).

Tendo en conta a representación porcentual, é no sector das Telecomunicacións onde se rexistra unha maior porcentaxe de mulleres, cun 39,2% traballadoras.

O sector con menor representación feminina é o sector de Manufacteiras TIC, con 139 postos, o que supón que unicamente o 19,9% están ocupados por mulleres.

	% Mulleres
1. Manufacteiras TIC	19,9%
2. Telecomunicacións	39,2%
3. Actividades informáticas	30,2%
4. Comerciais TIC	24,0%
5. Outros Servizos TIC	27,8%
Total sector TIC	31,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR TIC



1. Manufactureiras TIC
2. Telecomunicacións
3. Actividades informáticas
4. Comerciais TIC
5. Outros servizos TIC



1. Manufactureiras TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2023




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Telecomunicacións

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2023

	% Mulleres
CNAE 611: Telecomunicacións por cable:	43,8%
CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos:	33,0%
CNAE 613: Telecomunicacións por satélite:	19,4%
CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións:	25,5%
TOTAL TELECOMUNICACIÓNS:	39,2%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3. Actividades Informáticas

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2023

	% Mulleres
CNAE 620: Actividades de programación o consultaría:	30,0%
CNAE 631: Procesos de datos:	37,7%
TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS:	30,3%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

4. Comerciais TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2023

	% Mulleres
TOTAL COMERCIAIS TIC	
CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores:	24,0%





Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros Servizos TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2023

	% Mulleres
CNAE 582: Edición de videoxogos:	29,6%
CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos:	27,3%
TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC:	27,8%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.3. O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero



O 43,2% dos traballadores/as do sector contidos son mulleres.

As actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais son as que teñen unha maior presenza de mulleres.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos


Evolución 2015-2023

No ano 2023 obsérvase un incremento no número de mulleres contratadas no Sector Contidos, en consonancia coa tendencia xeral neste subsector.

Entre as mulleres, as afiliacións á seguridade social incrementáronse nun 4,8% dende 2022, o que sitúa a fenda de xénero nos 13,6 puntos porcentuais.

A evolución da presenza da muller no sector crece en case un punto neste último ano acadando o 43,2%.

	Mulleres	Homes
Ano 2015	41,5%	58,5%
Ano 2016	41,3%	58,7%
Ano 2017	41,7%	58,3%
Ano 2018	41,9%	58,1%
Ano 2019	41,5%	58,5%
Ano 2020	41,1%	58,9%
Ano 2021	41,5%	58,5%
Ano 2022	42,4%	57,6%
Ano 2023	43,2%	56,8%






Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime

Evolución 2021-2023

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	43,8%	56,2%
Autónomas	31,7%	68,3%

Ano 2022		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	44,8%	55,2%
Autónomas	32,8%	67,2%

Ano 2023		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	45,6%	54,4%
Autónomas	34,1%	65,9%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2023, no Sector Contidos, as afiliadas á Seguridade Social a través do Réxime Xeral representan o 45,6% do persoal. En termos absolutos, descende a fenda de xénero no réxime xeral, pasando dunha diferenza entre homes e mulleres de 461 traballadores no ano 2022 a 396 no ano 2023.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por subsectores económicos. Ano 2023

	% Mulleres
Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son:	42,7%
Medios de información:	44,2%
TOTAL SECTOR CONTIDOS	43,2%

Os dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos, superan o 40% de mulleres traballadoras, o que confirma a maior incorporación das mulleres ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais.



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR CONTIDOS

1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son



2. Medios de información



1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2023




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de Información

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2023

CNAE 601: Actividades de radiodifusión	% Mulleres
CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión	40,0%
CNAE 639: Outros servizos de información	41,8%
TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN	50,0%
	44,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia



O 58,5% das empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal.


Só no 7,4% das empresas TIC as mulleres supoñen máis da metade do seu persoal.

2.4. Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia




O 58,5% das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal. Pola contra, se analizamos a porcentaxe de empresas nas que máis da metade do seu persoal son mulleres, o dato redúcese ata o 7,4%.

Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

Empresas TIC nas que máis da metade do seu persoal son mulleres




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O persoal dedicado a tarefas especificamente TIC é o que rexistra unha fenda de xénero superior, case 40 puntos porcentuais

Distribución do persoal das empresas TIC




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 27,2% das empresas TIC galegas contan con mulleres en postos de dirección, o 72,8% non.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia


2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 29,6% do persoal son homes con Titulación Universitaria STEM, por só o 12,8% de mulleres, a 16,8 puntos de distancia.

A segunda maior distancia está nas titulacións de FP técnicas de grao superior onde os homes superan en máis de 12 puntos ás mulleres.

Titulación do persoal segundo o sexo



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia




3. Conclusión

3. Conclusións



No 2023, 9.529 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 33,4% dos empregos.

No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 43,2%, o que reduce a fenda de xénero a 13,6 puntos porcentuais.



O Sector TIC rexistrou 7.098 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 31% dos traballadores/as do sector, no ano 2023.

O maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.742 traballadoras no ano 2023 (+8,1% respecto ao ano anterior).



No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2023 as 2.431, o que supón un incremento do 4,8% dende o 2022.

A evolución da presenza da muller no subsector contidos aumenta no último ano case un punto ata 43,2% tras permanecer moi estable arredor do 41,5% dende 2015.

A actividade onde as mulleres contan con maior presenza é "Edición de libros, e actividades relacionadas con cine, televisión e son" (42,7%).



O 29,6% dos homes e o 12,8% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 16,8 puntos porcentuais, que supera os 12 puntos se falamos de FPs técnicos de grao superior.

En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarrepresentada nos postos de liderado, pero sobre todo nos postos técnicos, os máis numerosos na empresa. O 54,1% do persoal son homes en tarefas técnicas, por só o 15,3% de mulleres técnicas.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA